

Á SOMBRA DO VIÑO

EDUARDO REQUEJO

Sáú da habitación co gato collido nos brazos e foi cara á cociña, onde aínda estaban servidos os pratos da cea. Sentouse e botou viño na copa que había no seu sitio, onde ceara unhas horas antes. Bebeuno dun grolo cos ollos pechados e, logo de beber, pasou a man para se limpar. Mirou ó gato, que estaba sentado no seu colo, xogando coa liga que a curtedade da saia deixaba á vista. «*E ti, ¿que sabes de amor, gatoulo?*», díxolle mentres que o acariñaba polo lombo coa man esquerda. O gato lambeulle a man agradecido e comezou a rosmar. Coa man dereita botou máis outro vaso.

-
- *Levo días sen durmir. Tes que me dar algo.*
 - *Son as preocupacións, dígocho eu... Así que non as teñas, has durmir como un leirón.*
 - *¿E como non as vou ter?*
 - *Non terás receita, claro...*
 - *Se queres, vou ó médico e dígoche o que me pasa...*
 - *¡Déixate de parvadas! ¡Lévochas esta noite? Esta noite ten garda...*
 - *Si, esta noite... Ata a noite.*

Ó final da conversa, o boticario colgou o teléfono e mirou, primeiro, para a folla das gardas médicas e, despois, para a Casa do Concello, a través do cristal da porta da farmacia, de onde lle fixeran a chamada telefónica. «Esta noite ten garda en Viana», murmurou. Logo meteuse na rebotica a preparar un alcohol de romeu que lle encargara un reumático.

Nunha aldea pequena tamén pode haber amantes que, ocultos pola sombra da discreción, na noite e no día, percorren os camiños, cruzan as cortiñas, pasean polos soutos, séntanse nas fontes dos prados, déitanse nas touzas e bícanse nas xestas. A discreción é unha

tranca que atravesa as portas das pallaregas e dos cortellos, unha luz que se apaga nun dormitorio e un volume que se sobe no televisor. Os amantes están condenados a se esconderen, a estaren ás escuras, case sen verse, e acoden ás citas co corazón batendo tan forte como baterá logo, ó faceren o amor.

Pero o conto cambia, este conto tamén (quén sabe en qué, pero cambia), anque a paixón sexa a mesma, se o boticario, antes da cea, sae da súa casa e sobe no coche, prende o motor e acelera, as rúas sen xente (tal vez algún can) e bota camiño da casa do alcalde, aparcando o coche ó chegar, subindo ata a porta e dando uns golpiños. Anque o alcalde estea casado, anque esta noite a súa muller non estea na casa por ser ela médico e estar noutro sitio agardando unha urxencia. O corazón tamén bate no fondo do peito.

A porta abriuse para o boticario e viu o gato da casa, que se rozaba cuns tacóns altísimos. Subiu a vista a modo e foi admirando, lentamente, unhas pernas longuísimas, cubertas de medias, unha saia curta, un embigo, unha camiseta e uns beizos pintados, sorrindo.

- *¿Xa estás vestida? ¡Que guapa! Gatiño...*
- *E a cea servida.*
- *Aquí tes as pastillas.*
- *Vai frío, pasa.*

Sentados á mesa, servidos o viño e mailos pratos, o alcalde e o boticario mirábanse en silencio mentres mastigaban. O menciñeiro botou a vista á copa do viño e, rompeu o sorriso:

- *E logo, ¿ese insomnio?. Eu digo que é das preocupacións... Xa sabes, ese lito que tedes cos da autovía. Colle os cartos...*
- *Ti non me queres, dixo o alcalde con moita suavidade, serio e triste.*

¡Xa estamos coa historia de sempre! A ver cómo cho explico: eu son o farmacéutico e ti es o alcalde, ¿entendes? ¡Somos dous homes e non somos homes como o resto!

- *Podemos ir a outro sitio, a unha cidade,* susurrou o alcalde.

- *¡E dálle! ¡Xa non teño fame! ¡Outro sitio! ¡Outra cidade...!*

- *Non tires as cousas, que non teñen culpa. Veña, vai para a habitación e espérame alí mentres que recollo a mesa,* faloulle en baixo ó mesmo tempo que recollía do chan os cubertos que tirara o boticario no seu enfado.

O amado sorriu un pouco (*perdoa, tiven un mal día*) e levantouse camiño do dormitorio. O amante, recollidos os cubertos, sentouse outra vez e estirou o brazo para acercar a caixa cos somníferos. Abriuna e comezou a sacar cápsulas do envase unha a unha, ata que lle pareceron suficientes. Con delicadeza extrema, foinas abrindo e botando os pos na copa do farmacéutico. Logo de ter bota-

da a cantidade precisa, tirou as sobras ó lume da cociña de leña, que aínda ardía, e colleu a copa coa man esquerda. Levantouse e foi camiño da habitación. Na outra man, ó longo do brazo, levaba collido o gato.

.....

Safu da habitación co gato collido nos brazos e foi cara á cociña, onde aínda estaban servidos os pratos da cea. Sentouse e botou viño na copa que había no seu sitio, onde ceara unhas horas antes. Bebeuno dun grolo cos ollos pechados e, logo de beber, pasou a man para se limpar as bágoas.

Mirou ó gato, que estaba sentado no seu colo, xogando coa liga que a curtedade da saia deixaba á vista. «*E ti, ¿que sabes de amor, gatoulo*», díxollo mentres que o acariñaba polo lombo coa man esquerda. O gato lambeulle a man agradecido e comezou a rosmar. Coa man dereita botou máis outro vaso. O corazón batía calmado.